

## Á MESA DO PARLAMENTO.

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento do parlamento, presenta ante esta Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, número 44556 (10/PNC-003574)** sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco, incluída na orde do día da **Comisión 1ª**, que se celebrará mañá día 4 de setembro de 2019.

### Emenda de adición:

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a convocar a Comisión Mixta de transferencias Estado-Xunta para abordar a creación dun corpo de policía autonómica de Galicia para atender mellor as necesidades e demandas da sociedade galega en materia de seguridade”.

Santiago de Compostela, 3/9/2019.

Asinado: **Luís Villares Naveira**.  
Deputado e voceiro do G.P. Mixto.

### Asinado dixitalmente por:

**Luis Villares Naveira na data 03/09/2019 15:40:16**



## Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Teresa Porrirt Lueiro, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco (doc. núm. 44556).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar as actuacións necesarias para avanzar na asunción de competencias pola Comunidade Autónoma en materia de Policía Autonómica, conforme ás previsions da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia”.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 03/09/2019 16:57:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/09/2019 16:57:21**



## Á Mesa da Comisión 1.<sup>a</sup>

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galega, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa prestación en Galicia dos servizos de comunicación audiovisual radiofónicos comunitarios sen ánimo de lucro. **(10/PNC-004117) doc.51498.**

### **Emenda de modificación:**

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno do Estado o desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, en relación aos servizos de comunicación audiovisual comunitarios.
2. Variar a interpretación errónea e restrictiva da dita lei, interpretando de maneira ampla a Disposición Transitoria 14<sup>a</sup> da mesma e garantindo o dereito de acceso a licenza dos medios de comunicación audiovisual comunitarios e sen ánimo de lucro, desenvolvendo canto antes un concurso público específico para estes servizos. “

Pazo do Parlamento, 03 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2019 17:33:16**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/09/2019 17:33:30**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-004117(51498)** sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa prestación en Galicia dos servizos de comunicación audiovisual radiofónicos comunitarios sen ánimo de lucro.

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

- 1) O Desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2010 General de Comunicación Audiovisual no apartado referido ás emisoras de radio comunitarias sen ánimo de lucro.
- 2) A que, a continuación, habilite o espazo radioeléctrico para este tipo de entidades radiofónicas.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 18:11:30  
Nº Rexistro: 54992  
Data envío: 03/09/2019 18:11:30.246**

**Pedro Puy Fraga na data 03/09/2019 18:04:16**

**Raquel Arias Rodríguez na data 03/09/2019 18:04:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO2xjzESY48  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-004049 (50006)**, sobre a oferta de axudas económicas equivalentes ao prezo das matrículas realizada polo Goberno galego ao estudantado que queira facer un curso de capacitación para exercer de socorrista

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir financiando accións formativas e procesos de acreditación de competencias para a obtención dos Certificados de profesionalidade de socorrismo, así como a continuar analizando no seu conxunto e con todos os axentes sociais e demais administracións con competencias a situación do socorrismo e a establecer cauces de colaboración coa FEGAMP e as Deputacións para coordinar as liñas de axuda tanto para formación como para contratación e de ser o caso outras medidas que se consideren necesarias froito desa análise; dado que o bo funcionamento desta actividade non se reduce só a financiación dos cursos formativos".

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/09/2019 18:22:39  
**Nº Rexistro: 54993**  
Data envío: 03/09/2019 18:22:39.733

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/09/2019 18:18:44**

**María Isabel Novo Fariña na data 03/09/2019 18:19:20**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO4ov0PbKQG6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

